



SINDICATO DE EMPREGADOS PÚBLICOS DE GALICIA

C/ Echegaray nº 10 2º Izda. 36002- Pontevedra. sindicato-sepga@xunta.gal

A evolución epidemiolóxica da enfermidade xerada polo coronavirus na nosa contorna, debe poñernos sobre aviso do máis que probable escenario que nos espera ou no que nos moveremos nun futuro máis que próximo nesta CA. Segundo declaracións feitas públicas no día de hoxe polo director xeral da OMS, preocupado tanto polos niveis alarmantes de propagación como polos niveis alarmantes de inacción fronte á mesma, a situación pódese catalogar como pandemia.

É a considerar, a situación desta enfermidade en países como Xapón ou Corea do Sur, das medidas adoptadas polos mesmos e da súa evolución epidemiolóxica, da cal falan sen dúbida as súas cifras ao enfrontar as súas medidas, test realizados, coas súas taxas de morbilidade e mortalidade.

Ata a data e á vista das vías de transmisión da enfermidade, a práctica ausencia de medidas profilácticas adoptadas nas nosas contornas de traballo por unha banda, e a necesaria consideración destes como **espazos críticos por outro**, por canto constitúen zonas de concorrencia de cidadáns de diversa procedencia, **está a permitir e permitirá**, que as **zonas de prestación de servizos públicos** se convirtan en **espazos de alto risco** e aos **empregados públicos** en figuras altamente **vulnerables**.

É por isto que desde o sindicato SEPGA, tendo en conta a experiencia acumulada de medidas para o seu control por outros países e outras CCAA e co obxectivo de reducir en todo o posible o risco de circulación e transmisión viral nestes espazos, **consideramos imprescindible que se implementen con carácter inmediato medidas profilácticas, en liña coas medidas aprobadas polo Secretario de Estado de Política Territorial e Función Pública no día de onte a adoptar nos centros de traballo dependentes da Administración Xeral do Estado con motivo do covid-19.**

Santiago, 11 de marzo de 2020

Comité Executivo de SEPGA